

Unha escolma de literatura popular de tradición oral no universo de Terra de Montes (I)*

A selection of popular literature of oral tradition in the world of Terra de Montes (I)

M^a José TROITIÑO LÓPEZ

C.P.I. “Camiño de Santiago”

mariajose@edu.xunta.es

[recibido 23/10/2012, aceptado 10/09/2013]

RESUMO

Ofrecemos neste traballo unha escolma de arrollos, recitados, xogos iniciáticos, contos, adiviñas, etc., recollidos na Terra de Montes. Todo este *corpus* forma o que coñecemos como literatura popular de tradición oral. Un tesouro cultural que ten como punto de mira os nenos dende a primeira á terceira infancia, o que abarcaría dos cero aos once anos, saciando deste xeito o innato apetito de saber que se consolida a través da fala, dos xogos, dos contos, etc. En definitiva, unha escolma de xogos que buscan iniciar os nenos nese apaixonante camiño da vida.

PALABRAS CHAVE: literatura popular, tradición oral, infancia.

TROITIÑO LÓPEZ, M^a José (2013): “Unha escolma de literatura popular de tradición oral no universo de Terra de Montes (I)”, *Madrygal (Madr.)*, 16: 121-128.

RESUMEN

Ofrecemos en este trabazo una selección de nanas, recitados, juegos iniciáticos, cuentos, adivinanzas, etc., recogidos en Terra de Montes. Todo este corpus forma lo que conocemos como literatura popular de tradición oral. Un tesoro cultural que tiene como punto de mira los niños desde la primera a la tercera infancia, lo que abarcaría de cero a once años, saciando de esta manera el innato apetito de saber que se consolida a través de la lengua, de los juegos, de los cuentos, etc. En definitiva, una selección de juegos que tratan de iniciar a los niños en este emocionante camino de la vida.

PALABRAS CLAVE: literatura popular, tradición oral, infancia.

TROITIÑO LÓPEZ, M^a José (2013): “Una selección de literatura popular de tradición oral en el universo de Terra de Montes (I)”, *Madrygal (Madr.)*, 16: 121-128.

ABSTRACT

This article attempts to compile a selection of lullabies, recitations, elementary games, stories, riddles, etc., collected in Terra de Montes. This entire corpus forms what is known as popular literature of oral tradition; a cultural treasure aimed at children from early to third childhood, encompassing ages from zero to eleven. This is a way of satisfying the appetite for innate knowledge that is consolidated through language, games, stories, etc. In short, this is a selection of games which attempts to set children on their way on the exciting journey of life.

KEY WORDS: dialectology, oral tradition, childhood.

TROITIÑO LÓPEZ, M^a José (2013): “A selection of popular literature of oral tradition in the world of Terra de Montes (I)”, *Madrygal (Madr.)*, 16: 121-128.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Criterios metodolóxicos. 3. Arrollos. 4. Xogos iniciáticos. 4. Referencias bibliográficas.

* Este artigo consta de dúas partes. Neste número publícase a primeira e queda pendente a seguinte parte para o número 17 (2014) desta revista.

1. INTRODUCCIÓN

Sarmiento foi o primeiro home culto do século XVIII que soubo centrar a súa atención na literatura tradicional das xentes sinxelas, naquelas xentes que só sabían falar ou cantar nunha lingua xa marxitada e menosprezada. Comeza a se decatar, lonxe da súa terra, da importancia daquela primeira cultura “mamada” na infancia e transmitida oralmente tempo atrás. A literatura popular sae, pois, do seu silencio secular, deixando atrás de si ese proceso de deserción cultural co conseguinte desamparo e desvalorización da lingua e da cultura de todo un pobo durante os chamados Séculos Escuros. A teima de Sarmiento dará os seus primeiros froitos xa a finais dese século XVIII e, por suposto, ao longo das centurias seguintes.

Hoxe tamén asistimos a un esmorecemento de moitos dos nosos referentes como pobo. Sen dúbida, vémonos na obriga de citar o da lingua por ser a manifestación máis transcendente da cultura dun pobo. Este desfalecemento agocha outros menos evidentes pero non por iso menos importantes. Os cambios sociais e económicos aos que asistimos foron provocando, á súa vez, unha profunda transculturación que fixo desaparecer costumes, tradicións, etc. De aí que consideremos que é necesario recuperarmos e conservarmos as tradicións que como pobo fomos quen de crear. Non coa idea de volver a formas caducas e incapaces de dar resposta ás necesidades e demandas do noso tempo, mais si coa idea de sabermos conxugar o novo e o vello, presente e pasado, pois é importante desenredar aqueles anaquiños do noso pasado para saber máis de nosoutros, tratando de xuntar pasado pero, por suposto, futuro.

Tentamos achegar un bocado de contos, arrolos, etc. en lingua galega que, dun xeito lúdico, fomentan no neno o desenvolvemento da súa expresión lingüística e, polo tanto, cultivan unha parcela moi importante do seu desenvolvemento persoal. A expresión lingüística ten importancia nos nenos xa antes de naceren, no ventre da nai xa cos aloumiños, continuando no momento de nacer cando nos diriximos a el e establecemos ese diálogo no que el empeza a emitir sons e balbucidos. De aí a importancia dos arrolos xa nesos primeiros momentos.

Esta literatura popular desempeña, pois, importantes funcións: dende o mero entretemento

a unha transcendente función social, pedagóxica e simbólica. En definitiva, ofrece unha visión do mundo que aparece a miúdo baixo imaxes simbólicas transmitidas dende a infancia dun modo inconsciente, desempeñando, pois, un papel fundamental na formación da personalidade.

2. CRITERIOS METODOLÓXICOS

Esta recollida de material levámola a cabo no Concello de Forcarei, concretamente na aldea de Quintelas, na parroquia de Dúas Igrexas. Forcarei sitúase na Terra de Montes, na provincia de Pontevedra. Xeograficamente, Terra de Montes comprende, basicamente, os actuais Concellos de Beariz (Ourense), Cerdedo e Forcarei (Pontevedra).

Preguntamos ás poucas persoas que quedan na aldea, cunha atención preferente ás persoas de máis idade. O método a seguir centrouse no contacto directo con aquelas mulleres e homes dos que pretendiamos tirar información, tentando crear un ambiente o máis cómodo posible e motivándoos con contos, arrolos, etc., que xa coñeciamos. Pensamos en facer unha escolma centrándonos en arrolos, adiviñas, trabalinguas, cancións, etc. En definitiva, unha escolma de literatura popular. Axiña a ilusión prendeu e damos boa fe dos bos momentos que pasamos mentres fixemos a recolleita. Recolleita sinxela e xa ben coñecida con algunhas pequenas variantes locais, moi frecuentes dentro da literatura oral popular. Con ela pretendemos recordar que a cultura popular posúe un amplo abano de xogos para estas idades e para outras máis maduras e poñer a disposición do adulto un amplo repertorio de xogos para que poida poñelos en práctica cos nosos nenos.

O ambiente que escollemos para recompiñar este traballo está inscrito nos días de Nadal. Eses días de vagar que logo escurecen e que o frío nos fai xuntar á calor dun lume, nunha casa calquera das poucas que quedan. Alí estabamos nós aproveitando a calor do lume e a calor humana desas xuntanzas, establecendo coas nosas motivacións unha encantadora lembranza que servían para que a memoria debullara toda esta escolma.

Unha vez recollido o material, tentamos clasificalo. Non foi tarefa sinxela, especialmente no que atinxe aos agrupamentos: moitas veces contos, recitados e restos do material recollido

poderían situarse en varios apartados á vez. Tentamos transcribir o material tal e como chegou aos nosos oídos. Así, neles mestúrase galego e castelán, dialectalismos e vulgarismos. Aínda que na maior parte dos nosos informantes está presente o fenómeno fonético da gheada, non o transcribimos nos textos.

A meirande parte de xogos que aquí amosamos poderían incluírse seguindo a clasificación que do xogo popular fai Paco Veiga (2001a, 2001b), segundo unha perspectiva evolutiva, dentro da categoría de *Xogo popular e a apropiación do mundo*, nunha etapa evolutiva que iría ata os tres anos. Unha clasificación onde a tipoloxía do xogo vén definida polo estadio evolutivo do xogador. Mais non só este criterio define os diferentes tipos de xogos, senón que o medio, as aptitudes esixidas e o obxecto do propio xogo son aspectos importantes a ter en conta para facer a clasificación. Aínda así, existen xogos válidos para diferentes idades, de modo que esta non é unha clasificación pechada.

O *Xogo popular e apropiación do mundo*, refírese aos tres primeiros anos da vida do individuo e aos primeiros contactos que ten co medio que o rodea, etapa fundamental para a cal a cultura popular deseñou infinidade de manifestacións lúdicas. Esta fase evolutiva vén definida pola tipoloxía de xogo funcional: xogos iniciáticos lingüísticos, xogos iniciáticos, xogos para adestrar o movemento e xogos funcionais para máis anos. Poderíamos, pois, incluír dentro desta categoría os arrollos, os contos acumulativos, os contos de encadeamento, os recitados, a formuliña para animais, os trabalinguas e as adiviñas que aquí recolleemos.

3. ARROLOS

Un despertar dos sentidos, son eses murmurios que sincronizan e agochan o latexar dun pobo, que nos levaron ao abrir dos ollos e, ao longo da nosa vida, aos suaves arrecendos da nosa terra. Os arrollos foron transmitidos de xeración en xeración. Cántanse moumeando ou en voz baixa, e serven para axudar a calmar e facer durmir os nenos. Todas as culturas do mundo teñen as súas propias formas de arrollos, adaptadas ás estruturas rítmicas e melódicas propias da música folclórica da zona.

Constitúen un vínculo importantísimo entre o adulto e o meniño, axudándolle a prender o

Etapa evolutiva (ata 3 anos)
1. O xogo popular e a apropiación do mundo 1.1. Aprendendo a escoitar e a dialogar 1.2. Coñecéndonos a nós mesmos e ao noso medio 1.3. Aprendendo a andar 1.4. Apropiándonos do mundo con máis anos
Tipos de xogo
1. Xogos funcionais 1.1. Iniciáticos lingüísticos 1.2. Iniciáticos 1.3. Xogos para adestrar o movemento 1.4. Xogos funcionais para máis anos

Fonte: Veiga (2001a: 83).

sono. A entoación e o ritmo silábico destas composicións tranquilizan e acariñan os máis pequenos no seu camiño ao descanso iniciándoos na literatura. Van artellando eses vínculos afectivos entre a nai e o neno, van saciando o innato apetito de saber que se consolida a través da fala, dos xogos, dos contos e das cantigas. Velaí algúns arrollos recollidos en Terra de Montes:

Paxariño Pinto

Paxariño pinto de color añil,
 canta que o meu neno non pode durmir.
 Paxariño pinto de color pinzón,
 cala que o meu meniño xa se me durmeu.

Este meniño ten sono

Este meniño ten sono,
 este meniño sono ten,
 este meniño ten sono,
 quere que lle cante ben.
 Este meniño ten sono,
 ten ganiñas de durmir,
 ten un ollíño cerrado e
 outro non o pode abrir.

Dúrmete meu meniño

Dúrmete meniño,
 dúrmete meu sol,
 dúrmete pedazo
 do meu corazón.

O meniño ten soniño

O meniño ten soniño,
 o meniño sono ten,
 o meniño ten soniño
 porque súa nai non vén.

Arrurrú

Arrurrú meu meniño,
 arrurrú meniño meu,

toma unha miga de bola,
pola nai que te pareu.

Arrurrú cunha tranca no cu,
Arrurrué cunha tranca no pé.
Eh, eh, eh...

Arrurrú miña meniña
quen che ha de dar a teta,
túa nai vai no muíño,
teu pai na leña seca.

Arrurrú, arrurrú meu meniño,
arrurrú, arrurrú meu rapaz.
Arrurrú, arrurrú meu meniño,
que arruladiño estás.

Turrurú miña meniña

Turrurú miña meniña,
quen te a ti ha de aturar,
túa nai vaiche na feira
e teu pai vaicha buscar.

Heille de dar ao meu neno

Heille de dar ao meu neno
cocidiño con repolo,
as orellas dunha pulga,
e as costilas dun piollo.

Río Miño

Río Miño
vai caladiño,
non me espertes
o meu meniño.

Chora. Chora

Chora, chora
que che vén a hora.
Canta, canta
que che poño a manta.

Canta, canta

Canta, canta
que has de ir á santa.
Chora, chora
que che vén a hora.

Este meniño pequeno

Este meniño pequeno
heino de aprender a todo,
a amasar e a peneirar
e a botar o pan no forno.

Este meniño pequeno
heino de mandar a escola,
heille de comprar un bombo
e mais unhas castañas.

O meu neno pequeniño

O meu neno pequeniño
aínda non me sabe andar,

pero como dorme tanto
logo me ha de medrar.

Ai que neniña

Ai, que neniña,
que nena preciosa!
Despois de lavada
parece unha rosa.

Cando ao neno se lle abre a boca por sono,
fánselle cóxegas nos beizos mentres se lle di o
recitado:

Miña boca que te abres

Miña boca que te abres
con ganiñas de te abrir,
ou é sinal que tes fame
ou ganiñas de durmir.

Paxariños que voades

Paxariños que voades
polas follas dos loureiros
déixame durmir o neno,
que está no sono primeiro.

Estes e outros arrolos son recitados para cando
os nenos comezan a amosar sono, comezan
a fregar os ollos, arrólanse con estes recitados
baténdolle amodiño no cu.

Pedriño, Pedro

Pedriño, Pedro,
que entrou pola porta,
doume no fuso e
doume na roca
e escagalloume a macericoca.

Pedriño, Pedro

Pedriño, Pedro
vénteme a este ollo
pouquiño a pouco,
vénteme a estoutro.

Neste último, o adulto vai aloumiñando os
ollos do neno mentres declama o recitado. Non
se trata propiamente dun arrolo, pois o obxec-
to do xogo non é só que o neno durma, tamén
busca a memorización por parte do neno do de-
vandito recitado. O recitado parece ofrecer máis
ben a posibilidade de poder ser traballado con
nenos con incipiente capacidade para memori-
zalo. Temos un dito relacionado con este arrolo
que se lle di aos nenos cando empezan a arreluar
os ollos co sono e dicimos: “anda por aí o Pe-
driño, Pedro!”.

4. XOGOS INICIÁTICOS

Estes xogos posúen un carácter de entretemento e diversión para os nenos, mais tamén buscan como finalidade instruír os que van iniciar o camiño da vida. Son xogos sensoriais e afectivos, realizados sempre sobre o corpo do rapaz, propios da primeira infancia (de cero a tres anos). Responden, segundo Cobas Brenlla (1995), aos intereses e necesidades infantís de sentir o seu propio corpo, de diferencialo do mundo exterior, de coñecelo e de dominalo. Tamén favorecen aspectos motrices como a coordinación xeral e o equilibrio. Velaí un primeiro exemplo:

Man morta

Man morta
cérrame esta porta,
cando veña o cura
dille que estou morta.

Mentres o adulto fai este recitado, agárralle a man ao neno e vailla abaneando. No momento en que di “dille que estou morta”, bátelle amodiño na cara ao neno ou na cara do propio adulto coa intención de provocar un sorriso no cativo e compartir un aloumiño. Despois tratarase de que o neno sexa capaz de levalo a cabo de xeito recíproco, de xeito que será el quen o dirixa.

Palmiñas

Palmiñas, palmiñas
que vén o papá.
Palmiñas, palmiñas
que logo virá.

Trátase de baterlle as manciñas do neno acompañando a acción deste recitado, tentando que o cativo logre batelas por si só.

Este queixo

Este queixo, queixolán,
esta boca pide pan,
este ollo pesperete
é irmán deste,
esta testa testaruda
e esta cabeza peluda.

Iremos aloumiñando o neno tocándolle as distintas partes da faciana que nos vai dicindo o recitado: queixo, boca, ollos, fronte e, ao rematar, farémolles un pequeno tirón do pelo. Tamén recollemos esta variante:

Este queixo, queixolán
esta boca pide pan,

este nariz, naricete,
arráncate cabaleta!

É semellante á anterior, só que no último verso (“arráncate cabaleta”) o adulto fai como quen que lle arrinca o nariz, colléndollo, con xeito, entre os dedos indicador e medio; dáselles despois un tironciño e logo introducimos entre eles o polgar mentres llo ensinamos simulando o seu nariz. Nun primeiro momento é o adulto o que realiza o xogo sinalando os diferentes elementos na cara do cativo. Despois será o mesmo neno quen pasará a sinalar os diferentes elementos da súa propia cara. Estamos nestas dúas variantes ante xogos funcionais, de imitación verbal e non verbal.

Tintirintín, tintirintolo

Tintirintín, tintirintolo
o que non come non ten barrigolo.
Tintirintín, tintirintaina
o que non come non ten barrigaina.

Neste caso, mentres se fai o recitado o adulto frega coa man e de xeito circular a barriguiña do neno. Ao chegar á última palabra (“barrigaina”) faille cóxegas no bandullo. Trátase dun xogo simple e funcional, perceptivo e de contacto.

Apreta, apreta

Apreta, apreta,
corazón de manteca.
Apreta ou non,
corazón de melón.

Esta é unha maneira de lle pedir unha aperta ao cativo. Cando se recita a primeira estrofa dámoslle un forte apertón e na última estrofa afrouxaremos. Despois será o propio neno quen sexa capaz de dirixir o xogo. Igual que no caso anterior, trátase dun xogo funcional, perceptivo e de contacto.

Esta leira é túa?

—Esta leiriña é túa?
—É.
—E esta é túa?
—É.
—E esta é túa?
—É.
—E logo que fai aquí este marquiño no medio?

O adulto iralle tocando cun dedo no queixo (leira), nas fazulas e na fronte. Xa no final, cando dicimos “e logo que fai aquí este marquiño no medio?”, fai como quen lle arrinca o nariz

colléndollo cos dedos indicador e medio. Cando o estadio evolutivo do cativo o permita, o xogo pode converterse nun diálogo entre adulto e neno. Ou mesmo o pícaro pode ser quen o dirixa.

Teu pai foi aos lobos

—Teu pai foi os lobos?

—Foi.

—E matounos todos?

—Matou.

—E deixou un pequeniño?

—Deixou.

—Pois vamos a un pleito camiño dereito.

Collemos o neno no colo e facemos o diálogo anterior. Ao rematar, comezamos a soprarlle na faciana e o neno a nós, cada quen o máis forte que poida. Igual que no caso anterior, cando o estadio evolutivo o permita, o xogo pode converterse nun diálogo entre adulto e neno, ou mesmo este pode ser quen o dirixa.

Palma, repalma

Palma, repalma
chica morena.

—Como a queres: grande ou pequena?

—Grande.

—Pumba!

—Pequena.

—Pin!

Collerémolle a man ao neno e, mentres se lle recitan estas estrofas, o adulto iralle facendo círculos co dedo indicador na palma da man. Se a resposta é “grande”, dásele unha palmada na man; pola contra, se a resposta é pequena, daremoslle unha leve palmadiña coa punta dos dedos no medio da man. Depois, cando o estadio evolutivo do neno o permita pode ser o propio neno quen o dirixa

Cinco lobiños ten a loba.

Cinco lobiños detrás da escoba.

Cinco tiña, cinco criaba
e aos cinco tetiña lles daba.

O adulto abanea a man cos cinco dedos estendidos diante do neno para que este o imite.

Este é o dedo meniño

Este é o dedo meniño,
este é o seu sobriño,
este é o pai de todos,
este é o furabolos
e este é o matapiollos.

O adulto iralle collendo os dedos da man e vains pasando de un en un, seguindo a orde do recitado e indicándolle o nome:

Ese chiquito e bonito

Este é o chiquito e bonito,
este é o rei dos anillos,
este é o maior de todos,
este é o furabolos,
este é o trincapiollos.

Este foi ao monte

Este foi ao monte,
este colleu leña,
este foi aos ovos,
este fritiu nos,
e este gordiño
comeunos todos.

Uni, doni

Uni, doni
tene, cotene
badana
chinchín
carrampín
carrampés
conta ben
que son “des”.

O adulto térmalle das dúas mans e cóntalle os dedos. Tentamos con este xogo que o neno aprenda a contar os dedos das mans. Estes xogos buscan aloumiñar o neno xogando cos seus dedos, pero tamén que aprenda os seus nomes populares. Como xa indicamos, o adulto iralle collendo os dedos da man e vains pasando de un en un, indicándolle o nome que ten cada un. Igual que nos xogos anteriores a práctica debe facer que o neno sexa quen de repetir o recitado; nunha primeira fase só as palabras clave, logo o recitado íntegro. Estamos ante xogos de carácter funcional, verbal e de repetición.

Estando a reina no seu gabinete

Estando a reina no seu gabinete,
díxolle o rei: —vamos á misa,
dixo a reina: —non teño camisa,
dixo o rei: —teño eu tres,
dixo a reina: —préstame unha,
dixo o rei: —non teño ningunha.

O adulto e o neno colocan as dúas mans abertas sobre unha mesa (unha man cada un) e teñen que ir facendo o recitado tocando os dedos de cada man; cando chegan a “non teño camisa” agochan o dedo que lle toque dobrándoo.

Continúan co recitado ata teren agochados todos os dedos. Gaña o que logre agochalos antes. É un xogo funcional e simple, perceptivo e de contacto.

Discurre, cachola

Discurre, cachola,
que estás na escola.

Neste xogo, o adulto ou neno dáse a si mesmo na cachola pequenos golpiños mentres fai o recitado.

A, E, I, O, U

A, e, i, o, u:
azoutiñas no teu cu.

O adulto vaille dando azoutiñas ao neno no cu mentres fai o recitado das vogais. Logo será o neno quen o faga de forma autónoma.

Serra, compadre

Serra, compadre
serra, comadre
na madeiriña
do señor abade.
Ti por diante,
eu por detrás,
serraremos
un rapaz.

O adulto colle o neno no colo agarrándolle as mans e abanéao facendo o recitado. Xogo funcional sensomotor, dinámico e de ritmo.

Carlos V foi á guerra

Carlos V foi á guerra
dacabalo da cadela,
a cadela esforricouse,
Carlos V fastidiouse.
A cadela xa morreu,
Carlos V xa son eu.

O adulto colle o neno no colo encima dunha perna, de xeito que o neno cabalgue sobre ela mentres fai o recitado. Cando di “esforricouse” simula que o deixa caer. Tamén se trata dun xogo funcional, sensomotor e de ritmo.

Arre burriquiño!

Arre burriquiño!
vamos a Belén,
que mañá é festa,
pasado tamén.
Arre burriquiño,
arre, burro, arre
que chegamos tarde
e se non corremos
tarde chegaremos.

Arre cabaliño

Arre cabaliño
para o Santiaguíño,
buscar pan e viño
para este meniño.

Nestes dous recitados, pousamos o neno no colo cabalgando sobre unha das nosas pernas.

Raposiño, raposiño

Vamos ao Ribeiriño
a buscar un pouco viño,
non sei se virá por aí o raposiño,
raposiño, raposiño, raposiño.

O adulto colle o neno polas costas e polos ombros, e vaino balanceando mentres se fai o recitado. Cando o recitado chega a “raposiño, raposiño, raposiño” o neno terá que escapar e o adulto tentar collelo. Encádrase dentro do tipo de xogo funcional que busca aprendizaxes motrices; un xogo dinámico, cinestésico, de locomoción.

Peneirar, amasar

Peneirar, amasar,
dar a volta
por detrás.

Xógase por parellas collidas da man (adulto e neno ou dous nenos con máis anos): van balanceando os brazos para un lado e para outro mentres se recita ou mesmo se canta a peza. Cando chegan a “dar a volta por detrás”, xíranse os dous sen soltar as mans e quedan de costas. Trátase tamén dun xogo funcional, sensomotor, dinámico, de ritmo e locomoción.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARRIO, Maruxa / Henrique HARGUINDEI (1983): *Lerías e enredos para os máis pequenos*. Vigo: Galaxia.
- BLANCO, Domingo (1997): “O Padre Sarmiento e a literatura popular”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*

(*Santiago de Compostela, 29 maio - 3 xuño 1995*), vol. 2 (*Lingua, Folclore e Educación, Ciencias Naturais e Medicina*). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Universidade, pp. 195-205.

COBAS BRENLLA, Xulio (1995): *Acción madurativa e integradora do folclore infantil. O xogo do folclore infantil*. Santiago: Tórculo.

MARTÍN, Paco (1985): *¿Qué cousa é cousa...?. Libro das adiviñas*. Vigo: Galaxia.

MONXARDÍN FERNÁNDEZ, Alfonso (coord.) / Carme LAMELA VILLARAVID / Miruca PARGA VALIÑA (1993): *A Cultura de tradición oral nos centros da Terceira Idade: Unha experiencia recollida en centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Arquivo sonoro de Galicia).

VEIGA, Paco (2001a): *Xogo Popular galego*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

——— (2001b): *O libro dos xogos populares galegos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.